

Copia de seguridad e restaurar

Coa ferramenta **Copia de seguridad**, Moodle permite gardar todo o contido e a actividade dos alumnos dun curso nun único ficheiro comprimido (mbz). Posteriormente, coa opción **Restaurar**, todo ou parte do contido desta copia pode recuperarse sobre o mesmo curso ou sobre outros cursos nos que o usuario teña permisos de profesor. Ademais, Moodle conta coa opción **Importar**, que facilita o traslado de **Recursos** e **Actividades** de un curso a outro sempre que sexa dentro da mesma instalación de Moodle.

Como se crea unha copia de seguridad

1. Desde a páxina principal do curso, no **bloque Administración**, en **Administración do curso**, pulsar en "**Copia de seguridad**".



2. Na "**Configuración inicial**" debemos indicar se desexamos:
 - Incluir os usuarios matriculados
 - Anonimizar a información dos usuarios
 - Incluir as asignacións de rol de usuario
 - Incluir as actividades
 - Incluir os bloques
 - Incluir os filtros
 - Incluir os comentarios
 - Incluir as distincións
 - Incluir as actividades do calendario
 - Incluir detalles do grado de avance do usuario
 - Incluir os rexistros do curso

- Incluir o historial de cualificacións
- Incluir o banco de preguntas

Copia de seguranza do curso: Ferr_dix_docentes

Panel de control > Os meus cursos > Ferramentas dixitais para docentes - Nivel Básico > Copia de seguranza

1. Configuración inicial > 2. Configuración do esquema > 3. Confirmación e revisión > 4. Facer a copia de seguranza > 5. Completa

Configuración da copia de seguranza

IMS Common Cartridge 1.1

Incluir os usuarios matriculados

Anonimizar a información dos usuarios

Incluir as asignacións de rol de usuario

Incluir as actividades e recursos

Incluir os bloques

Incluir os filtros

Incluir os comentarios

Incluir as distincións

Incluir as actividades do calendario

Incluir detalles do grao de avance do usuario

Incluir os rexistros do curso

Incluir o historial de cualificacións

Incluir o banco de preguntas

Incluir os grupos e agrupamentos

Incluir competencias

3. Pulsa en **"Seguinte"** para pasar á pantalla de **"Configuración do esquema"** onde se mostran todos os temas, recursos e actividades do curso. Deberás marcar todos os elementos que queiras incluír na copia. Ademais, de cada elemento poderás indicar se na copia queres almacenar a actividade dos alumnos (cualificacións, ficheiros enviados, etc.).

Copia de seguranza do curso: Ferr_dix_docentes

Panel de control > Os meus cursos > Ferramentas dixitais para docentes - Nivel Básico > Copia de seguranza

1. Configuración inicial > 2. Configuración do esquema > 3. Confirmación e revisión > 4. Facer a copia de seguranza > 5. Completa

Incluír:

Seleccionar: **Todo / Ningún** (Amosar as opcións de tipos)

Elemento	Incluír	Datos de usuario
Ferramentas dixitais para docentes - Nivel básico	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Foro de novas	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Pincha este enlace para acceder á reunión: https://...	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APUNTAMENTOS E RECURSOS	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Guía do curso: Actualización de Ferramentas dixitais para docentes	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Apuntamentos: como facer unha captura de pantalla	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Apuntamentos: como atribuír a propiedade	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

4. Pulsa en **"Seguinte"** para pasar á pantalla de **"Configuración e revisión"** onde se presenta o contido da copia para a súa comprobación. Se todo está correcto, pulsa en **"Facer a copia de seguranza"**.

6. COPIA DE SEGURIDADE ✓

Datos de usuario ✗ ⚠

CONTIDO\$: - Crear unha copia de seguridade dun c... ✓

ACTIVIDADES ✓

Actividade 9. Creación da copia de Seguridade do curso ✓

7. VIDEOCONFERENCIA\$ ✓

Datos de usuario ✗ ⚠

Cisco Webex para alumnado ✓

Cisco Webex para profesorado ✓

Ferramenta de Teleconferencia: Falemos EDU ✓

Actividade 10 (OPCIONAL). Planificar sesión en plataforma videoconferencias ✓

Anterior Cancelar **Fazer a copia de seguranza**

5. Unha vez que remata de facer a copia, aparece una pantalla que mostra se a copia se creou correctamente:

Copia de seguranza do curso: Ferr_dix_docentes

Panel de control > Os meus cursos > Ferramentas dixitais para docentes - Nivel Básico > Copia de seguranza

1. Configuración inicial ► 2. Configuración do esquema ► 3. Confirmación e revisión ► 4. Fazer a copia de seguranza ► 5. Completa

Creouse satisfactoriamente o ficheiro de copia de seguranza.

Continuar

6. A continuación móstrase o ficheiro coa copia de seguranza realizada. O ficheiro deberás descargalo pulsando en **"Descargar"** (Baixar) e gardalo no teu ordenador.

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Restaurar

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *

Área da copia de seguranza de curso ⓘ

Nome de ficheiro	Hora	Tamaño	Descargar	Restaurar
Xestionar os ficheiros de copia de seguranza				
Área da copia de seguranza privada de usuario ⓘ				
Nome de ficheiro	Hora	Tamaño	Descargar	Restaurar
copia_de_seguranza-moodle2-course-190-ferr_dix_docentes-18102020-1549-nu.moz	Domingo, 18 de Outubro de 2020, 15:49	44.8MB	Descargar	Restaurar

Xestionar os ficheiros de copia de seguranza

Como se restaura unha copia de seguranza

1. Sitúate no curso onde queiras restaurar a copia de seguranza. No caso de que aínda non exista, crea un novo curso (sen contidos) para restaurar nel a copia de seguranza.
2. Desde a páxina principal dese curso, no **bloque Administración**, en **Administración do curso**, pulsar en **“Restaurar”**.



3. Localiza o ficheiro que contén a copia de seguridade. Pódese obter de tres fontes diferentes:
 - 3.1. Desde o "Selector de ficheiros", pulsando en "Seleccionar un ficheiro" ou directamente arrastrando sobre o recadro.
 - 3.2. Desde a "Área da copia de seguranza do curso", onde se gardan as copias de seguranza do curso, á que teñen acceso todos os profesores do curso.
 - 3.3. Desde a "Área da copia de seguranza privada do usuario", á que só ten acceso o usuario que realizou esa copia. .

The image shows two screenshots of the Moodle interface. The top screenshot shows the 'Ficheiros' section with a 'Seleccionar un ficheiro' button and a dashed box for file upload. The bottom screenshot shows the 'Área da copia de seguranza de curso' and 'Área da copia de seguranza privada de usuario' sections, both with tables of backup files.

3.1 Selector de ficheiros

Ficheiros *
Escolle un ficheiro... Tamaño máximo para ficheiros novos: 800MB

Arrastre e solta aquí os ficheiros para enviar.

3.2 Área da copia de seguranza de curso

Nome de ficheiro	Hora	Tamaño	Descargar	Restaurar
Xestionar os ficheiros de copia de seguranza				

3.3 Área da copia de seguranza privada de usuario

Nome de ficheiro	Hora	Tamaño	Descargar	Restaurar
copia_de_seguranza-moodle2-course-190-ferr_dii_docentes-18102020-1549-nu.mbz	Domingo, 18 de Outubro de 2020, 15:49	44.8MB	Descargar	Restaurar

4. Pulsa no botón **"Restaurar"** se seleccionaches o ficheiro desde o "Selector de ficheiros" ou no enlace **"Restaurar"** da copia correspondente.
5. No primeiro paso, **"Confirmar"**, preséntanse os detalles da copia de seguraza. Se está realizada cunha versión anterior, Moodle tratará de convertirla. Pulsa en "Continuar".
6. No segundo paso, **"Destino"**, debes seleccionar o curso onde queres restaurar esta copia de seguraza. En pantalla verás as seguintes 3 posibilidades:
 - 6.1. **Restaurar como curso novo**
 - 6.2. **Restaurar neste curso** (se antes creaches un curso novo, ésta será a opción que debes elixir)
 - 6.3. **Restaurar nun curso existente**

En calquera das 3 opcións anteriores debes seleccionar se o contido da copia será **engadido** ao que xa hai no curso (fusionar co contido actual) ou se primeiro será **eliminado todo o contido actual do curso e será substituído polo contido da copia** (eliminar o contido actual e despois restaurar).

Fusionar a copia de seguraza do curso con este curso

Eliminar o contido do curso actual e despois restaurar

Pulsa o botón continuar da opción elixida de entre as tres anteriores, non o botón continuar que aparece abaixo de todo da páxina.

7. No terceiro paso, **"Axustes"**, debes confirmar os axustes iniciais que contén a copia e pulsar o botón **"Seguinte"**
8. No cuarto paso, **"Esquema"**, preséntanse todos os temas, recursos e actividades que almacena a copia de seguraza. Por defecto xa aparecen marcados todos os axustes seleccionados previamente. Nesta pantalla pulsa o botón **"Seguinte"**.
9. No quinto paso, **"Revisar"**, comproba que se vai restaurar o contido desexado e pulsa o botón **"Executar a restauración"**
10. Cando finalice o proceso, aparecerá unha mensaxe de **"Curso restaurado satisfactoriamente"**. Pulsa o botón **"Continuar"** para finalizar.